



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados

Maio 2018

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de maio de 2018**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2017 e anteriores.

MAIO 2018


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadia media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Maio 2018

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	%	Var. Int. 18/17
HOTEIS	309.677	4,0%	557.020	2,9%	1,80	-1,0%	40,71%	1,17
PENSIÓNS	70.404	-30,4%	122.877	-13,6%	1,75	24,2%	24,55%	1,07
ESTAB. HOTELEIROS	380.080	-4,7%	679.897	-0,5%	1,79	4,4%	36,38%	1,77
APTOS. TURÍSTICOS	11.712	5,5%	24.384	-5,0%	2,08	-9,9%	21,23%	1,48
CÁMPINGS	6.228	-0,2%	16.003	15,2%	2,57	15,5%	13,75%	0,52
TURISMO RURAL	20.187	11,6%	30.267	8,1%	1,50	-3,2%	14,98%	0,86
ESTAB. EXTRAHOTEL.	38.127	7,6%	70.654	4,6%	1,85	-2,8%	-	-
TOTAL	418.207	-3,7%	750.551	-0,1%	1,79	3,8%	-	-

- En maio de 2018 obsérvase un estancamento da demanda turística regrada en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, o volume de noites mantense en niveis practicamente equivalentes aos de maio de 2017 como consecuencia da combinación de dous factores: caída da cifra de viaxeiros aloxados –do 3,7%- nun contexto de mellora da estadia media –do 3,8% neste caso-.
- O estancamento da demanda neste 2018 prodúcese logo de rexistrar crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores. En particular, despois das caídas rexistradas no inicio da década, o nivel de pernoctacións regradas sobe en maio de 2013 –un 4,5%- como paso previo aos incrementos rexistrados en 2014 –do 9,7%- , en 2015 –do 5,2%- , en 2016 –do 2,6%- e en 2017 –do 6,5% neste caso-. Co estancamento deste ano o nivel de demanda sitúase igualmente por encima das 750 mil noites.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante. Neste caso rexístrase un descenso do 3,7% en 2018 que se contrapón ás subas rexistradas nos cinco anos anteriores, de 2013 a 2017 –circunstancia que permitiu superar o nivel dos 430 mil viaxeiros aloxados neste quinto mes do ano-. A caída deste 2018 sitúa a cifra final en pouco máis de 418 mil viaxeiros –a terceira máis elevada da década actual-.
- O dato de maio mantén a tendencia irregular que a demanda presenta nos primeiros meses deste 2018, con incremento en xaneiro –do 4,3%- , estancamento en febreiro, nova suba en marzo –do

21,4%-, caída en abril –do 20,3%- para volver a estancarse agora en maio. O cómputo global da como resultado que no conxunto dos primeiros cinco meses do ano o nivel de demanda turística regrada en Galicia descende un 2,0% en relación ao mesmo período de 2017 –rexistrando preto de 2,56 millóns de noites-. Mantense por tanto a dinámica irregular dos primeiros meses do ano sendo que a caída de abril supera en volume e intensidade ás variacións rexistradas nos outros catro meses considerados.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de maio 2005-18




- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na perda de máis de 16 mil viaxeiros aloxados e de apenas medio millar de pernoctacións en relación ao mes de maio de 2017.
- A nivel estatal obsérvase en cambio un leve incremento tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 1,4%- coma do volume de noites –do 1,2% neste caso-.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda regrada a nivel das comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que se rexistra unha mellora en relación ao pasado ano. O crecemento de maior intensidade localízase en Cantabria, destino no que o volume de noites sobe un 9,2%. Seguen en orde de importancia Extremadura –cunha suba do 7,8%-, Aragón e o País Vasco –cun incremento levemente superior ao 6% interanual en ambas-.
- No lado contrario son Castela A Mancha e Baleares os destinos de crecemento máis moderado, inferior ao 1% interanual.
- Dúas comunidades manteñen estables os niveis de demanda –Madrid e Galicia- mentres que descende noutras dúas concretas –en A Rioxa e Canarias-.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é semellante sendo igualmente Cantabria o destino de mellor comportamento relativo –amosa un incremento do 14,1% -. Neste caso Galicia rexistra a caída de maior intensidade, do 3,7% en relación ao pasado ano.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a oitava posición representando o 1,8% do total de España –posición semellante á rexistrada nos primeiros meses deste ano-. Baleares é

o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 8,8 millóns de pernoctacións no mes de maio –o 21,4% do total-. Sitúanse a continuación Cataluña –con máis de 7,3 millóns de pernoctacións-, Canarias –con preto de 7,2 millóns-, Andalucía –con máis de 6,2 millóns-, a C. Valenciana –con case 3,9 millóns- e Madrid –con algo máis de 2,4 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades agrupan ao 87,5% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En maio o 90,6% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 74,2%- coma ás pensións –co 16,4% neste caso-. O 9,4% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 3,2% da demanda total-, aos cámpings –co 2,1%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 4,0% neste caso-. Por vez primeira neste ano os cámpings collen certo peso no conxunto da demanda regrada pois ata o mes de abril apenas chegaba ao 1% do total.
- Esta estrutura da demanda é propia e característica dun mes de temporada media-baixa.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Maio 2018



- En esencia, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser con diferenza a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda –absorben a tres de cada catro noites dentro do aloxamento regrado-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento dispar, con variacións de diversa intensidade. Dunha banda sobe e mellora a demanda nos hoteis –un 2,9%, como consecuencia dun incremento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados-, nos cámpings –un 15,2% grazas en exclusiva á mellora da estadia media- e nos establecementos de turismo rural –un 8,1% neste caso por un crecemento da cifra de viaxeiros do 11,6%-.
- No lado contrario descende o nivel de demanda nas pensións –un 13,6%, como consecuencia basicamente dunha caída da cifra de viaxeiros do 30%- e nos apartamentos turísticos –un 5,0% froito dun empeoramento da estadia media nun contexto no que si crece a cifra de viaxeiros aloxados, nun 5,5%-.

- Así pois, a estabilidade global do nivel de demanda vén como consecuencia de promediar comportamentos dispares nas diferentes tipoloxías de aloxamento.
- Nunha perspectiva global obsérvase un estancamento da demanda no ámbito hoteleiro e, sen embargo, un crecemento no extrahoteleiro –do 4,6% neste caso-. O incremento nos cámpings e no segmento de turismo rural supera a caída rexistrada nos apartamentos turísticos.


Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Maio 2018/17, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de pouco máis de 3.500 noites no segmento hoteleiro e, en cambio, na xeración de máis de 3 mil noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de maio do pasado ano. O comportamento é, por tanto, diverso.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu un comportamento dispar entre os hoteis e as pensións. Tal circunstancia trasládase en certa maneira ás diferentes categorías, observándose crecementsos e caídas de diversa intensidade. Nos hoteis o comportamento positivo concéntrase nas categorías altas, en particular naqueles de catro e cinco estrelas –coa suba do 7,2%– e nos de tres estrelas –co incremento do 4,8% neste caso-. Nos outros dous segmentos a demanda cae neste mes, un 5,1% nos hoteis de dúas estrelas e un 6,4% nos de unha estrela.
- No lado das pensións obsérvase tamén un comportamento diferente, manténdose estable a demanda naquelas de tres e dúas estrelas –froito dunha mellora da estadia media que contrarresta a caída da cifra de viaxeiros aloxados– e caendo nas de unha estrela –segmento que presenta o peor comportamento do ámbito hoteleiro cun descenso do 28% consecuencia dunha caída do 41% na cifra de viaxeiros aloxados-.
- Neste mes de maio o 65,7% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno –o dos residentes en Galicia– como ao receptor nacional –aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 34,3% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás


pernoctacións e aseméllanse en parte á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 60% mentres que o internacional representa o 40%-. Esta distribución é propia dun mes de temporada media no que o peso do turismo estranxeiro supera o 30% –marca diferenza co primeiro trimestre cando o mercado internacional representaba o 18% no conxunto dos tres meses-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Maio 2018




- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar neste mes de maio, con variacións de diversa dirección e intensidade. O turismo nacional presenta un comportamento positivo superando nun 3,2% o nivel de demanda do pasado ano. Tal circunstancia provén dunha mellora da estadia media nun contexto de estabilidade da cifra de viaxeiros españois.
- É o segundo ano consecutivo no que se observa un incremento do turismo nacional en Galicia no mes de maio –en 2017 subira un 5,9%-, situando o nivel final en máis de 493 mil noites –a cifra máis elevada desde o 2010-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Maio 2018/17



- O turismo internacional presenta en cambio unha dinámica negativa con descensos tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 9,1%- coma do volume de pernoctacións –do 5,8% neste caso-. Contrasta este descenso coas subas rexistradas nos seis anos anteriores, rompendo por tanto a dinámica positiva que o mercado internacional tiña en Galicia no mes de maio e que o levava a rexistrar cifras históricas. Esta caída sitúa o nivel final por encima das 257 mil noites –cifra obviamente inferior á do pasado ano mais superior á rexistrada en toda a serie anterior-.
- O peor comportamento relativo do turismo internacional fronte ao nacional conleva unha perda de peso no conxunto da demanda de case dous puntos neste caso, para situarse no 34,3% do total. O mercado nacional supón, en cambio, o 65,7% do total das noites no aloxamento regrado.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado mantense en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. O mercado nacional sobe e mellora tanto no ámbito hoteleiro –un 2,8%- coma no extrahoteleiro –un 8,2% neste caso-. O internacional, en cambio, amosa un comportamento negativo que se traslada tanto ao segmento hoteleiro –cunha caída do 6,3%- como ao extrahoteleiro –do 1,0% neste caso-.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,79 noites, cifra que se incrementa en relación ao pasado ano –un 3,8% en particular-. É o segundo ano consecutivo no que sobe a estadía media no mes de maio, circunstancia que permite mellorar o dato nunha décima e acadar o valor máis elevado desde o 2013 –cando se situaba por encima de 1,8 noites de media-.


Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Maio 2018



- Os cámpings son a modalidade que presenta a estadía máis elevada, con preto de 2,6 noites de media neste mes de maio. As restantes tipoloxías rexistran cifras máis baixas, quedando incluso por debaixo das dúas noites no ámbito hoteleiro –con 1,8 noites nos hoteis e 1,75 noites nas pensións- e no segmento de turismo rural –tipoloxía que presenta a cifra máis baixa con 1,5 noites neste caso-. Os apartamentos turísticos rexistran neste mes unha media próxima a 2,1 noites.

- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar en relación coas diferentes tipoloxías. Descende de forma suave nos hoteis e no segmento de turismo rural –un 1% e 3% respectivamente-, con maior intensidade nos apartamentos turísticos –onde cae nun 10%- e sobe, en cambio, nas pensións –nun 24%- e nos cámpings –nun 15,5% neste caso-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas a cifra de Galicia sitúase nunha posición baixa superando soamente os valores de dúas comunidades autónomas –A Rioxa e Castela e León neste caso-. Novamente Canarias –cunha media de 7,0 noites- é o destino que rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 5,4 noites sitúanse a continuación Baleares, por diante da C. Valenciana e de Cataluña –ambas por encima das tres noites de media-. No lado contrario é Castela e León o destino que presenta o valor máis baixo con menos de 1,7 noites de media.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Maio 2018



- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica cambia. Neste caso sobe e mellora en todas as tipoloxías con semellante intensidade mais por diferentes motivos. Nos hoteis, cámpings e turismo rural a mellora da ocupación vén como consecuencia do crecemento da demanda. Nas pensións e apartamentos turísticos, en cambio, a mellora vén do lado da oferta –rexístrase neste mes unha caída da oferta dispoñible superior ao descenso das pernoctacións-.
- Nos hoteis, pensións e apartamentos turísticos a mellora da ocupación supera o punto porcentual. Nos cámpings e establecementos de turismo rural o incremento queda por debaixo xustamente do punto porcentual.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 40,7% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings -cunha ocupación media do 13,7%- e nos establecementos de turismo rural –cun 15,0% neste caso-.